

A ECONOMÍA CUBANA NO PERÍODO 1990-1998 E A SÚA PERSPECTIVA

MANUEL CASTRO TATO
Departamento de Marketing
Facultade de Economía
Universidade da Habana

Recibido: 11 marzo 1999
Aceptado: 10 maio 1999

INTRODUCCIÓN

Este traballo ten como obxectivo fundamental ofrecer unha análise económica xeral dos principais factores que incidiron na evolución descendente da economía socialista de Cuba dende 1990 ata 1994, evolución que se iniciou co derrubamento do socialismo nos países de Europa oriental, especialmente na antiga URSS, así como a súa perspectiva a curto prazo, fundamentalmente para o ano 1999. Formúlense as causas principais que provocaron o decrecemento da economía cubana dende 1990 ata 1994 e as medidas extraordinarias adoptadas polo Goberno cubano para saír da crise económica, así como os resultados positivos obtidos coa aplicación desas medidas a partir do ano 1993, que foi cando se promulgaron as medidas fundamentais de axuste e perfeccionamento da actividade económica no país, ata 1998.

ANÁLISE XERAL DA ECONOMÍA CUBANA DO PERÍODO 1990-1994

É coñecido que entre os anos 1990 e 1994 a economía cubana tivo un decrecemento económico anual, que representou aproximadamente a terceira parte do produto interior bruto (PIB) que se lograra producir no ano 1989. Esta gran diminución do ingreso nacional do país nun período tan breve de tempo foi o resultado da mingua da produción e dos servizos productivos no país no período 1990-94, causado fundamentalmente pola perda do intercambio comercial cos antigos países socialistas de Europa oriental, especialmente coa URSS.

Este suceso de carácter político, económico e social foi inesperado para os especialistas nestas cuestións pero resultou funesto para o comercio exterior dos produtos tradicionais de Cuba, xa que representou a perda abrupta das exportacións cubanas, de preto dun 75% das vendas de azucre e dos seus derivados e dun 90% do níquel, como resultado da cancelación polos devanditos países socialistas

do leste de Europa dos convenios comerciais e de colaboración científica e técnica.

Á súbita diminución das exportacións do país engadíuselle a cancelación por aqueles países de tódolos convenios de colaboración e axuda, así como a cancelación dos créditos a medio e a longo prazo que recibía Cuba, en condicións moi vantaxosas para o país. Esta cancelación das exportacións de Cuba e dos convenios e créditos de axuda económica representou a perda do 80% da capacidade de importación que tiña Cuba no ano 1989.

Esta brusca diminución da capacidade de importación ocorreu principalmente entre os anos 1991 e 1994, provocando que nese período tan curto de tempo o Goberno cubano tivese que adoptar varias decisións con carácter extraordinario para reducir drasticamente a produción e os servizos na esfera productiva, o que ocasionou que o produto interior bruto do país diminuíra de 19.905,81 (Oficina Nacional de Estadística, 1994, p. 4) a 12.771,7 millóns de pesos¹ no período de 1980 a 1993, o cal representou a perda de 6234 millóns de pesos do ingreso nacional (Oficina Nacional de Estadística, 1994, p. 4).

Esta decisión drástica e custosa que foi necesario adoptar para a redución extraordinaria da gran maioría das producións e dos servizos do país —debido á diminución das importacións de maquinaria, equipos, pezas de reposto, materias primas e materiais, combustibles, etc.— provocou na economía cubana moitos efectos negativos de carácter económico e social, entre os cales se destacaron pola súa importancia económica os seguintes:

- A paralización total e/ou parcial da inmensa maioría dos grandes investimentos na industria e nos servizos, que se atopaban en proceso de construción e de montaxe.
- A paralización total e/ou parcial de centos de fábricas, equipos de transporte terrestre e marítimo, debido á falta de materias primas, de pezas de reposto e de combustible.
- A suspensión da gran maioría da asistencia técnica e da colaboración científica que recibía o país para as diferentes ramas.
- O notable incremento dos fretes marítimos por efecto da Lei Torricelli, aprobada en 1991 polo Congreso norteamericano.
- As perdas pola gran deterioración dos prezos dos produtos tradicionais de exportación de Cuba, especialmente do azucre e dos cítricos.

Para tratar de contrarresta-los efectos negativos para a poboación cubana, causados principalmente polo derrubamento do campo socialista de Europa oriental, principalmente da antiga URSS e da recrudescencia do bloqueo económico norteamericano a Cuba coa aprobación da Lei Torricelli, o Goberno cubano adoptou a

¹ Un peso cubano é igual a un dólar de USA ó cambio oficial.

partir de 1992 un programa de medidas extraordinario e de carácter especial, entre as cales sobresaen pola súa importancia económica e social as seguintes:

- A conxelación salarial.
- A diminución da taxa de acumulación.
- A redución do orzamento de defensa.
- A suspensión do pagamento da débeda externa e os servizos da débeda.
- A redución e a racionalización das funcións e dos cadros de persoal dos ministerios e doutros órganos da Administración central do Estado.
- A diminución dos servizos gratuítos á poboación, agás a saúde pública e a educación á poboación cubana.
- A redución do nivel de actividade do servizo de transporte público, de electricidade e das horas de transmisións por televisión.
- A redución das obras de construción e mantemento de estradas, pontes e liñas de ferrocarril e portos.
- A diminución das tarefas de mantemento e reposición das instalacións e equipos nas institucións estatais.
- A notable diminución do número e da cantidade de exemplares das publicacións en forma de libros, revistas e xornais.

Paralelamente, dende o ano 1992 ata 1994 o Goberno cubano adoptou outro programa extraordinario de medidas económicas e fiscais co obxectivo de elevar dende o curto e mediano prazo a cantidade de produtos exportados e de servizos prestados no estranxeiro e, á vez, tratar de diminuí-lo déficit orzamentario dende 1994, así como alimenta-lo ingreso en divisas coa finalidade de incrementa-la capacidade de importación do país. Entre estas medidas están aquelas que tiveron un maior impacto económico e social:

- O cambio da estratexia de desenvolvemento económico do país, xerarquizando o turismo, as producións exportables e a produción agrícola, en lugar da industria e a construción.
- A legalización do uso da posesión de divisas convertibles, especialmente do dólar-USA.
- A creación dunha rede comercial en divisas rexido pola lei da oferta e da demanda.
- O impulso á promoción de asociacións con capital estranxeiro, iniciado basicamente en 1991.
- A autorización do traballo por conta propia en certas actividades individuais de produción e servizos.
- A creación de cooperativas de produción agrícola (UBPC) nas antigas granxas estatais.

- A creación dos mercados agropecuarios e de produtos industriais, rexidos pola lei da oferta e da demanda.
- A elevación do prezo de bens e servizos, agás de produtos de primeira necesidade que están regulados polo Estado.
- A descentralización gradual do comercio exterior.
- A creación do sistema de impostos ás entidades económicas.
- O aumento dos estímulos adicionais de carácter económico para tódolos traballadores que traballan nas empresas que obteñen ingresos en divisas e para os que o fan nos servizos básicos para a poboación, especialmente no turismo, e tamén para a rede de tendas en divisas, o níquel, o azucre, a electricidade, os teléfonos, os portos e outras actividades seleccionadas.

Como resultado da aprobación e aplicación desas medidas, logrouse obter no ano 1994 a tendencia decrecente do PIB do país, lográndose ó remata-lo ano un aumento do 0,7 % de crecemento con relación ó PIB de 1993 (Oficina Nacional de Estadística, 1994, p. 5), así como tamén se conseguiu a diminución do déficit fiscal, pasando este de 5050,6 millóns de pesos en 1993 a 1421,4 millóns en 1994.

A ECONOMÍA CUBANA NO PERÍODO 1995-1998

O comportamento xeral da economía cubana no período 1995-1998 foi moi positivo en comparanza co período anterior, debido a que todos estes anos houbo un crecemento do PIB —no ano 1995 cun 2,5%—, o cal reafirma o cambio da tendencia negativa especialmente cando se coñece que, por primeira vez, neste decenio medrou o ingreso per cápita. Este feito é un reflexo do efecto económico das medidas extraordinarias adoptadas polo Goberno cubano, principalmente no bienio 1993-1994 e nos anos posteriores de 1996-1998.

As medidas extraordinarias que foron formuladas e aprobadas polo Goberno cubano contribuíron á crear novas bases para o funcionamento do proceso productivo da economía nacional, tendente á apertura económica e ó restablecemento dos equilibrios económicos e financeiros no nivel macroeconómico e coaduxeron a eleva-la eficiencia económica e a tratar de diminuír no máximo posible os efectos negativos para a poboación cubana.

A tendencia ó crecemento anual do PIB da economía nacional continuou no ano 1996, cando se conseguiu un incremento do ingreso nacional dun 7,8%. Sen embargo, en 1997 só se obtivo un crecemento do 1% e en 1998 dun 1,2%. O alto crecemento da produción e dos servizos logrados no ano 1996 confirmou que as medidas económicas adoptadas nos anos anteriores foran correctas, o cal influíu notablemente no crecemento da eficiencia económica obtida nese ano.

Táboa 1.- Produto interior bruto da economía cubana (a prezos correntes de 1981)

Anos	PIB (en millóns)	Relación co ano anterior (en %)	Relación co ano 1989 (en %)
1989	19.585,8 ¹	+0,7 ¹	—
1990	19.008,3 ¹	-2,9 ¹	-2,9
1991	16.975,8 ¹	-10,7 ¹	-13,3
1992	15.009,9 ¹	-11,6 ¹	-23,4
1993	12.776,7 ¹	-14,9 ²	-34,1
1994	12.868,3 ¹	+0,7 ²	-34,332,7
1995	13.184,5 ²	+2,5 ²	32,7
1996	14218,0 ²	+7,8 ²	28,4
1997	14.573,5 ³	+2,5 ³	26,4
1998	14.748,4 ³	+1,2 ³	24,3
1999	14.116,7 ³	+2,5 ⁴	22,8

FONTES: ¹Oficina Nacional de Estadística (1995); ²Banco Central de Cuba (1998, anexo 5); ³Martínez (1997, p. 3); ⁴Rodríguez (1998, pp. 4-5); ⁵Cálculo do autor.

Pero nos anos 1997 e 1998 influíron notablemente na economía cubana algúns factores climáticos adversos, como foron o furacán *Loly* en 1997, posteriormente unha seca prolongada dende finais de 1997 ata mediados de 1998 e, de seguido, outro furacán, o *George*, que azoutou a parte oriental do país e afectou seriamente a súa produción agrícola.

A este feito negativo na economía de carácter climático uníuselle a aprobación en 1996 da Lei Helms-Burton polo Congreso estadounidense, o cal endureceu notablemente o bloqueo económico a Cuba, cuns efectos que se comezaron a apreciar na economía cubana a finais de 1996 pero sobre todo en 1997 e 1998, cando se encareceu o custo das importacións e se endureceron as condicións e mailos xuros para obter préstamos a curto prazo.

Este agravamento do bloqueo económico provocou tamén que o Goberno cubano tomara outro grupo de accións de perfeccionamento e de axuste e de medidas para o mellor funcionamento da economía entre as que, pola súa incidencia económica, destacan as seguintes:

- A continuación do proceso de descentralización do comercio exterior.
- A xerarquización do proceso de redimensionamento das empresas estatais.
- A aprobación da nova Lei do investimento estranxeiro cubano.
- A creación das zonas francas e parques industriais de Wajay, Berroa e Mariel.
- A creación do Banco Central de Cuba e dos bancos La Financiera Nacional, S.A.; o Banco de Inversiones, S.A.; o Banco Internacional de Comercio, S.A. e o Banco de Inversiones, S.A.

- A creación das taxas de cambio de divisas convertibles (USD) a pesos cubanos.
- A creación e perfeccionamento do sistema de impostos.
- A continuación do proceso das sinaturas dos acordos de promoción recíproca de investimentos con tres países.
- A xerarquización da promoción da creación de asociacións e empresas con capital estranxeiro.
- A xerarquización do proceso de renegociación da débeda externa de Cuba en divisas convertibles, concluíndo e asinando o Acordo de posposición da débeda co Xapón en 1998.

ANÁLISE XERAL POR SECTORES

SECTOR PRIMARIO

En Cuba este sector representa preto do 8% do PIB do país, no cal a agricultura representa o 83% aproximadamente da produción total, correspondéndolle á produción mineira e de canteiras un 17 %. O crecemento da produción da agricultura e da minería no período 1994-98 foi realmente lento en relación coas potencialidades, especialmente na produción agrícola e pecuaria.

Debido a varios factores negativos, como a escaseza de fertilizantes, de praguicidas e de combustible e pezas de reposto para o uso das maquinarias, así como por factores de carácter organizativo e outros de carácter climático, produciuse un baixo rendemento na produción e, polo tanto, unha baixa produtividade agrícola, especialmente da cana e da gandería e, obviamente, do leite. Sen embargo, a produción pesqueira veu medrando anualmente, despois da caída no período 1991-93, sendo notables os resultados da cría e captura pesqueiras nas presas, que alcanzou preto das 70.000 toneladas en 1998.

SECTOR SECUNDARIO

É coñecido que a produción industrial medrou anualmente a partir de 1994, de forma constante por tódalas ramas industriais, agás o azucre, os fertilizantes e o refinamento de petróleo². O sector industrial en Cuba caracterízase porque preto do 70% da produción industrial é manufactureira. Entre as producións industriais de maior incremento da súa produción no país no último cuatrienio figuran o níquel, a mecánica, os cigarros puros e os tabacos.

Cómpre sinalar que a maioría das ramas industriais, a partir do redimensionamento e perfeccionamento empresarial en 1995, incrementaron a súa produción, a

² Véxase a intervención de C. Lage, vicepresidente do Consejo de Estado na Asamblea Nacional del Poder Popular do 21 de decembro do 98, publicada no xornal *Granma*, (23-12-98), p. 3.

súa produtividade e a súa eficiencia económica. Este feito contribuíu en boa parte ó crecemento da produtividade e do produto interior bruto, pasando a industria dun 29%, en 1993, a un 35%, en 1997, a súa contribución ó produto neto do país.

Táboa 2.- Produto interior bruto por sectores (en % e a prezos constantes de 1981)

Anos	Primario	Secundario	Terciario
1994	7,6	31,7	60,7
1995	8,1	33,0	58,9
1996	8,8	33,6	57,6
1997	8,6	35,2	56,2

FONTE: Banco Central de Cuba (1998), p. 9

A produción de electricidade tivo tódolos anos un crecemento moderado, como resultado dos incrementos da capacidade de xeración e de contar cunha maior dispoñibilidade de combustible, o cal posibilitou que diminuíran notablemente as horas de apagóns ás entidades da economía interna e á poboación.

Outra actividade que medrou lixeiramente dende 1995 foi a construción, como resultado do desenvolvemento do turismo, e o crecemento de instalacións industriais, vivendas e estradas.

SECTOR TERCIARIO

As actividades que conforman o sector terciario desempeñaron un papel compensador porque a actividade turística medrou constantemente a un ritmo medio do 18% anual no período 1994-98, así como o transporte de pasaxeiros, o cal compensou o lento crecemento dos servizos comunais, sociais e persoais.

Cómpre destacar que o incremento constante dos ingresos do turismo pasou de 850 millóns de pesos en 1994 (Banco Nacional de Cuba, 1995) a 1890 millóns en 1998 (Lage, 1998, pp. 3-4), como resultado do aumento do número de turistas, que pasou de 738 millóns en 1994 a 1480 millóns en 1998, influíndo tamén outros factores como o de que nese período de tempo aumentou o índice de ocupación por turista-día e que se incrementou anualmente o número de cuartos, pasando duns 5000 en 1990 a 27.394 a finais de 1997 (Banco Central de Cuba, 1998).

Tamén outras das actividades do sector terciario que medraron nos últimos anos foron as comunicacións e outros servizos con incrementos anuais do 5% ó 7% anual.

FINANZAS INTERNAS

A suma total de efectivo en circulación e en contas de aforro no período de 1994-97 caracterizouse por un crecemento de preto do 3% anual, debido en boa parte a un incremento medio anual do efectivo en circulación de arredor do 5% e á

diminución dun 2% (Banco Nacional de Cuba, 1997 e 1998, p. 13 e 20, respectivamente) do diñeiro nas contas de aforro. Este aumento do diñeiro en circulación debeuse fundamentalmente ós aumentos de salarios nalgúns actividades seleccionadas e a un aumento moderado da oferta de produtos á poboación.

O déficit anual do orzamento estatal caracterizouse por un incremento dos ingresos e pola redución anual do déficit fiscal durante os anos 1994 e 1995 ata unha cifra que oscilou entre os 500 e os 700 millóns de pesos anuais (táboa 3), o cal representa arredor dun 3% do PIB anual, o cal é moi satisfactorio para a estabilidade financeira.

Táboa 3.- Orzamento estatal de 1990 a 1999 (en millóns de pesos)

Anos	Ingresos	Egresos	Déficit
1990	12.255,1 ¹	14.213,2	1.958,1
1991	10.949,0 ¹	14.713,8	3.764,8
1992	9.263,0 ¹	14.136,1	4.668,5
1993	9.515,9 ¹	14.565,5 ¹	5.050,6
1994	12.756,9 ¹	14.178,3 ¹	1.421,4
1995	13.043,2 ²	13.808,7 ²	765,5
1996	12.242,8 ¹	12.863,5 ¹	570,6
1997	12.203,6 ¹	12.662,6 ¹	459,3
1998	12.325,0 ⁴	13.035,0 ⁴	710,0
1999	12.470,0 ⁴	13.190 ⁴	720,0 ⁴

FONTES: ¹Banco Nacional de Cuba (1995), p. 17; ²Banco Nacional de Cuba (1995), p. 32; ³Banco Central de Cuba (1998), p. 33; ⁴Millares Rodríguez (1998), pp. 4-5.

Entre os principais factores que influíron na estabilidade do balance orzamentario foron as medidas de política económica e financeira, adoptadas a partir de 1994, as que posibilitaron un incremento anual dos ingresos ó orzamento; outro factor foi a redución paulatina dos subsidios para cubrir as perdas das empresas estatais, o cal coaduvou a lograr un lixeiro incremento anual dos orzamentos da educación e da saúde pública.

SECTOR EXTERNO

En primeiro lugar, cómpre sinalar que o intercambio total de mercadorías do comercio exterior medrou anualmente dende 1994, aínda que continúan sendo o azucre, o níquel, o tabaco e o peixe e os mariscos os principais produtos das exportacións cubanas e tamén continúan medrando en maior medida as importacións cás exportacións, o que provocou un incremento do déficit comercial.

Táboa 4.- Intercambio comercial externo (en millóns de pesos en divisas)

Conceptos	Anos			
	1994	1995	1996	1997
Exportacións	1330,8 ¹	1491,6 ¹	1865,5 ¹	1811,5 ¹
Importacións	2016,8 ¹	2882,5 ¹	3480,6 ¹	5572,0 ¹
Saldo balanza comercial	-686,0	-1390,9	-1615,1	-3750,0
Total	3347,6	4374,1	5345,1	7.384,5

FORTE: ¹ Informe económico 1997, op. cit., p. 32.

Cómpre sinalar que o incremento no intercambio comercial de Cuba foi o resultado do aumento do comercio cos países da Comunidade Económica Europea, entre os que España, despois de arredor dun século, pasou a se-lo principal socio comercial de Cuba e tamén, en 1997, ocupa o primeiro lugar dos países que realizaron investimentos en Cuba.

PERSPECTIVA XERAL

Nestes momentos é moi difícil facer un prognóstico do crecemento e desenvolvemento da economía cubana a partir da dinámica ou da tendencia histórica dos principais factores políticos e económicos, debido á situación creada a partir de 1996, coa recrudescencia do bloqueo económico a Cuba, polos efectos da Lei Helms-Burton aprobada en 1996.

Sen embargo, a curto prazo é factible realizar unha proxección dos macroindicadores económicos e partindo do suposto de que en 1999 é pouco probable que se elimine o bloqueo económico. Ademais, no curto prazo non será posible que a colleita azucreira alcance un volume de produción anual de 506 millóns de toneladas de azucre.

É necesario aclarar que o azucre é a actividade económica que ten un maior grao de integración na economía nacional, tanto de forma directa coma indirecta. Dende a fase agrícola inicial, pasando polo proceso de industrialización da cana e os seus derivados ata a súa venda ó mercado interno e externo, participan preto de 500.000 traballadores. Por iso, o incremento na produción azucreira ten tanto peso no crecemento económico do país, o cal se reflicte, como é lóxico, no PIB, pero por falta de materia prima para o próximo ano estímase un crecemento dunhas 400.000 toneladas de azucre.

Por todo o anterior, para o próximo 1999 planifícase alcanzar nas actividades básicas da produción e nos servicios productivos do país un incremento modesto, entre os que sobresaen o seguinte:

- Lograr un crecemento do 2,5% do PIB.
- No turismo proxéctase recibir 1,7 millóns de turistas e un ingreso bruto de 2 millóns de pesos en divisas en 1997 e 2 millóns de turistas e uns ingresos brutos de 2,4 millóns no ano 2000.

- Producir 3,6 millóns de toneladas de azucre cru para un crecemento do 11,5% en relación a 1998, e 4,5 millóns no ano 2000.
- Na produción de níquel e mais cobalto, preto de 70.000 toneladas e unhas 7.000 no 2000.
- Fabricar máis de 200 millóns de cigarros puros en 1998 e 250 millóns no 2000.
- Extraer 2 millóns de toneladas de petróleo cru en 1999 ou 2,2 millóns no ano 2000 máis incrementa-lo aproveitamento do gas acompañante.
- As exportacións deben incrementarse anualmente nun 7% e as importacións nun 5% en 1999 e no 2000.
- A construción debe medrar preto do 4% en relación co valor obtido en 1998 e preto do 5% no 2000.
- Estímense incrementos na produción industrial dun 2% e na agricultura dun 3% en relación co ano anterior en 1999 e un estimado do 4% do incremento no ano 2000.

Como se poderá deducir, continúa a dársele prioridade ó turismo, así como ó níquel e ó tabaco pola súa alta participación nos ingresos en divisas, así como á agricultura e á construción pola súa incidencia no nivel de vida da poboación.

BIBLIOGRAFÍA

- BANCO CENTRAL DE CUBA (1998): *Informe económico 1997*. La Habana.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1991): *Informe económico 1990*. La Habana.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1995): *Informe económico 1994*. La Habana.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1996): *Informe económico 1995*. La Habana.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1997): *Informe económico 1996*. La Habana.
- CASTRO TATO, M. (1995): *La economía cubana y su perspectiva*. Universidad de La Habana, Facultad de Economía.
- CEPAL (1995): *Cuba. Informe preliminar 1995*. [Borrador de uso interno]. Santiago de Chile.
- MARTÍNEZ, O. (1997): "Informe a la Asamblea Nacional del Poder Popular sobre el resultado del cumplimiento del Plan de la economía de 1997", *Granma*, (16-12-97), p. 3. [Osvaldo Martínez é presidente da Comisión de Asuntos Económicos da Asamblea Nacional].
- MILLARES RODRÍGUEZ, M. (1997) "Informe del proyecto de presupuesto del Estado a la Asamblea Nacional de 1997", *Revista Economía y Desarrollo*, núm. 3-4, pp. 207-217. La Habana. [M. Millares é ministro de Finanzas y Precios].
- MILLARES RODRÍGUEZ, M. (1997): "Informe del proyecto de presupuesto aprobado para 1998 a la Asamblea Nacional del Poder Popular", *Granma*, (16-12-97), pp. 3-4. La Habana.
- MILLARES RODRÍGUEZ, M. (1998): "Informe del proyecto de presupuesto aprobado para 1999 a la Asamblea Nacional del Poder Popular", *Granma*, (24-12-97), pp. 4-5. La Habana.

- LAGE DÁVILA, C. (1998): "Informe del vicepresidente del Consejo de Estado y el secretario del Consejo de Ministros sobre los resultados económicos de 1998", *Granma*, (23-12-98), pp. 3-4. La Habana.
- OFICINA NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *La economía cubana. 1994*. La Habana.
- RODRÍGUEZ, J.L. (1998): "Informe a la Asamblea Nacional del Poder Popular sobre los resultados económicos de 1998 y el plan económico social de 1999", *Granma*, (23-12-98), pp. 4-5. [José Luis Rodríguez é ministro de Economía e Planificación].